



GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

Asimetrías de xénero



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO
SEPE

Asimetrías de xénero

As asimetrías adoitan estar presentes en todas as relacións sociais, sendo as relacións de parella onde, tal vez, se poden visualizar máis.

Que é iso de asimetría de xénero?

Imos tentar explicalo aglutinando as teorías e estudos de destacadas mentes do século XX, (femininas e masculinas), de diferentes disciplinas, como filosofía, socioloxía, psicoloxía... como Pierre Bourdieu, Marie Claude Hurtig, Anne Marie Daune-Richard, Michael Foucault, etc.).

A perspectiva de xénero serve para identificar como se producen e reproducen relacións de xénero dentro de situacións concretas, e, nelas, visualizar e recoñecer a existencia de relacións xerárquicas e desiguais entre as persoas, que están determinadas polo xénero.

Por este motivo, é necesario introducir outro elemento: o poder.

As persoas estamos inmersas en posicionamentos asimétricos diferentes, nos que se reflicten os retos, as loitas e as relacións de poder que estruturan a(s) sociedade(s).

O espazo social está organizado por posicións sociais determinadas en función de tres dimensións principais: o capital cultural, o capital económico e os estereotipos de xénero.

O exercicio do poder está determinado polas posibilidades das persoas do acceso ao coñecemento e ao capital. Na medida en que concorran condicións e factores de xénero, identidade e/ou expresión de xénero, orientación sexual, relixión, nivel de estudos, clase social, idade, discapacidade... entre outras, as persoas poden experimentar situacións de maior asimetría.

A miúdo, as formas de dominación cultural son exercidas coa complicidade tácita dos grupos dominados. Dado que non é percibida como tal, convértese nunha forma de “dominación invisible” cunha gran eficacia¹.

O principio organizador da asimetría de xénero está baseado na relación de dominación dos homes sobre as mulleres. A existencia desta relación de poder entre as dúas categorías de xénero exprésase tanto a nivel individual como social.

En sistemas androcéntricos, os homes convértense en “referentes”, e as asimetrías que se xeran ao interiorizar ese pensamento, é o elemento central do sistema de xénero.

¹ Recoméndase unha lectura do libro “Three guineas” de V. Woolf.

Na representación dos sexos, o sexo masculino non se define en base ao feminino, con todo, o sexo feminino si toma como referencia o masculino (que ten un valor xenérico, por iso é polo que xoga o rol de “referente”).

O conxunto das prácticas, representacións e a vida social son estruturadas pola división entre masculino e feminino, predominando o primeiro sobre o segundo.

Distintas investigacións evidenciaron a organización de diferentes obxectos sociais en base ao xénero, tanto nas capacidades como no desempeño, resultado da posición asimétrica de homes e mulleres na estrutura social, que, ademais, permite aos homes manter o status positivo nun ámbito feminino.

A modo de exemplo:

- A representación social da intelixencia, que identifica elementos diferenciadores e específicos entre a intelixencia de homes e mulleres. A masculina caracterízase polo éxito social, e a feminina polo encanto (con moito máis prestixio social a deles).
- Unha boa enfermeira é “amable, cariñosa ou atenta”, mentres que un enfermeiro é “competente”.

As relacións de poder asimétricas e de subordinación que se analizan nas relacións humanas non poden deixar de lado as relacións de xénero.

As configuracións de poder entre os xéneros, así como as prácticas, símbolos, representacións, normas e valores sociais considerados como pertinentes (sexan par o xénero feminino como para o masculino), varían segundo dende o lugar en que se actúa.

Estas relacións non se dan de maneira illada, senón que se conforman en articulación con outras relacións sociais e operan en todos os ámbitos da vida das persoas.

Por tanto, hanse de entender como relacións de poder as interaccións dinámicas onde unha persoa exerce poder sobre outra en función das xerarquías (que xorden das dinámicas de subordinación).

Estas relacións de poder vense reflectidas nas posicións asimétricas.

Como xa sinaláramos, o espazo social está organizado en función de tres dimensións: economía, cultura e xénero, de tal forma que cada unha delas vai expondo asimilacións aos que, os que detentan o poder, consideran como importante.

A “centralidade das relacións de xénero” é o carácter binario home-muller, da esfera pública e a esfera privada, que se asocia a eles e elas:

- Home- esfera pública (política, empresarial, social...).
- Muller- esfera privada (a familia, o fogar, a intimidade...).

Ese binarismo vai construíndo “verdades” que adquiren un valor universal, globalizan e totalizan o masculino, e constrúen un carácter residual e marxinalizado para o feminino.

O exercicio do poder vese reflectido na produción e reprodución de relacións de xénero desiguais (asimétricas) que sitúan nunha posición de desvantaxe a un colectivo (masculino) sobre o outro (feminino).

Exemplos ben coñecidos:

- Impoñer á muller o coidado e a crianza, e ao home o rol de “provedor”.
- Negar ás persoas que non teñen relacións heterosexuais.
- Normalizar que as persoas en postos de dirección chamen ao persoal feminino do seu equipo “preciosa”, “guapa”, “agarimo”... ou lles encarguen determinadas tarefas... polo feito de ser mulleres (cando cos homes non o fan).

Falando de relacións de poder e asimetrías de xénero, é indispensable lembrar o concepto de sistema patriarcal, entendido como unha orde social xenérica de poder, baseado nun modo de dominación cuxo paradigma é o home. Esta orde asegura a supremacía dos homes e do masculino sobre a interiorización previa das mulleres e do feminino.

O sistema patriarcal está presente en moitos aspectos da vida cotiá e reflíctese en prácticas continuas que o fortalecen como son os roles e estereotipos de xénero, os pactos patriarcais entre os homes e a división sexual do traballo, entre outras.

Centrándonos nas asimetrías de xénero no ámbito laboral:

Desde as últimas décadas do século XX a incorporación das mulleres españolas ao traballo asalariado foi masivo.

A Organización Internacional do Traballo (OIT) sinala que esa tendencia de participación do colectivo feminino no mundo do traballo deuse a nivel mundial, pero cunha sobre representación do desemprego e a precariedade laboral.

A asimetría no ámbito laboral en xeral está marcada por factores persoais (formación e experiencia), tipo de traballo (nivel de responsabilidade) e posibilidade de acceso ao capital.

Se sumamos o factor xénero, temos a **asimetría de xénero**, que nace de condicionantes persoais e roles socioculturais:

- Tipo de educación recibida dende a infancia.

- Dificultades de conciliación (asimetría na repartición de responsabilidades familiares, que supón unha ausencia de corresponsabilidade por parte dos homes) e, para o colectivo feminino, tradúcese en a necesidade de reducir a xornada, gozar de excedencias, renunciar ao traballo remunerado... en resumo, nunha maior precariedade laboral.
- Segregación ocupacional (horizontal e vertical), que leva ao colectivo feminino a ter unha baixa presenza en postos de dirección, e a ocupar postos peor valorados e retribuídos e con menor estabilidade.

Configúrase, polo tanto, un escenario (tanto de partida como de continuidade) cheo de dificultades e trabas á progresión profesional do colectivo feminino, que acaba provocando as famosas situacións de “teitos e chans” (teito de cemento, teito de cristal, chan pegañento...).

Evolucionar como sociedade implica o recoñecemento (en todos os ámbitos) da importancia do xénero como un asunto transversal que permita vivir plenamente en democracia a todos e a todas.

Estamos a avanzar?

Sen dúbida. Pero seguimos estando lonxe dunha igualdade real.

Para conseguilo, é necesario seguir:

- Mellorando as políticas públicas, tanto en educación como en saúde, ordenamento xurídico, regulación da imaxe das mulleres en medios de comunicación, fomento e uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista (desde os libros de texto desde idades temperás ata os medios de comunicación), así como potenciar e apoiar a investigación que reflicta avances e retrocesos, de forma periódica, nesta materia transversal.
- Fomentando e promocionando as condicións que posibilitan a igualdade social de ambos os sexos e a participación da muller na vida política, cultural, económica e social, así como a prevención e diminución de toda clase de discriminación das persoas por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, relixión ou ideoloxía, orientación ou identidade sexual, idade, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Queres formar parte de este cambio tan necesario?

Pois que saibas que todos e todas podemos participar (a nivel individual, empresarial, social...) en acabar coas asimetrías de xénero, e na construción de sociedades igualitarias.

Resumímoscho en tres pasos:

1. Recoñecer as desigualdades que se xeran a partir das relacións e asimetrías de poder.

2. Concienciarse das formas en que participamos desas desigualdades.
3. Cambiar a nosa forma de pensar e de actuar, e posicionarse a favor da igualdade.